

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (FIDIS) PARA A XESTIÓN DA FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS JUAN RODÉS, RÍO HORTEGA E INTENSIFICACIÓN CONCEDIDOS AO INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (IDIS) , A TRAVÉS DA FIDIS AO ABEIRO DA CONVOCATORIA AES 2023.

En Santiago de Compostela, a 15 de febreiro de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, **Don Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade, nomeado por Decreto 112/2020, de 6 de setembro, en representación da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante, ACIS), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e nos Decretos 136/ 2019 e 137/2019, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; e o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos; así como no establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E doutra, **D^a. Eloina Núñez Masid**, en calidade de presidenta do Padroado da Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, en virtude do seu cargo como titular da Área de Xestión Integrada de Santiago de Compostela e Barbanza, segundo se establece no artigo 16.2.a) dos seus estatutos, e en virtude da reunión na que tivo lugar a aceptación expresa da presidencia en data 3 de abril de 2017 do Padroado da Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, fundación inscrita na folla número 3 do Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Sanidade, segundo publicación no Diario Oficial de Galicia de 11 de novembro de 1991.

MANIFESTAN

Que a **FIDIS** é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, modificada pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico; e réxese ademais polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego e polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego; e que ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización de outras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego. Con ese propósito, a FIDIS serve de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores, nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia e contribúe eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, recabando o apoio das entidades públicas e privadas para os seus fins, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, aumentando progresivamente de este modo a súa capacidade para competir e a calidade da súa produción científica.

Que o **IDIS** é un Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, que se conforma actualmente mediante a asociación da Área de Xestión Integrada de Santiago de Compostela e Barbanza (XXIAC), que engloba os

centros de atención hospitalaria, atención especializada e atención primaria da área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, xunto coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS) como órgano xestor.

O IDIS ten entre as súas principais funcións:

1. Fomentar a colaboración entre investigadores do ámbito básico, clínico, de saúde pública e de servicios de saúde.
2. Promover a investigación traslacional e a innovación que teñan aplicacións e repercusións clínicas.
3. Fomentar a colaboración entre os centros de investigación das entidades que integran o **IDIS** e outros pertencentes a outras institucións de investigación no ámbito autonómico.

O IDIS carece de personalidade xurídica propia, polo que os actos xurídicos necesarios para a consecución dos seus fins son adoitados pola **FIDIS**, como órgano de xestión do Instituto de acordo co Real Decreto 279/2016, de 24 de xuño, sobre acreditación de Institutos de investigación biomédica ou sanitaria.

Que a Dirección do Instituto de Salud Carlos III O.A., M.P., ditou en data 17 de marzo do 2023 a Resolución pola que se aprobou a convocatoria correspondente ó ano 2023 de concesión de subvencións da Acción Estratégica en Salud 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Que ao abeiro da antedita convocatoria para a anualidade 2023, na modalidade **Juan Rodés** cuxo obxecto é a contratación de persoal facultativo con experiencia en investigación en ciencias e tecnoloxías da saúde, nos centros asistenciais públicos que forman parte dos IIS e, por outra parte, a concesión de axudas para a creación e cobertura do conseguente posto de traballo de carácter permanente en ditos centros unha vez teña rematado a axuda, de acordo con artigo 85.1 da Lei 14/2007, de 3 de xullo e o artigo 60.5 da presente resolución, formalizouse as seguintes solicitudes:

- **Néstor Vázquez Agra** solicitou, a través da FIDIS e ao abeiro de dita convocatoria, **un contrato modalidade Juan Rodés**.
- **Antía Fernández Pombo** solicitou, a través da FIDIS e ao abeiro de dita convocatoria, **un contrato modalidade Juan Rodés**.
- Que en data 13 de decembro de 2023 dítase Resolución do Director do Instituto de Salud Carlos III, en virtude da cal concédese a axuda solicitada, para a contratación dos candidatos propostos.
- Que en virtude do artigo 3.1.b) da citada convocatoria, que establece que *"(...)En los contratos **Juan Rodés** ..., únicamente podrán participar los IIS acreditados por Orden ministerial (todas las referencias a los IIS incluídas en la presente Resolución se refieren a los acreditados según la normativa reseñada). En este caso, los IIS deberán presentar solicitudes para los grupos de investigación adscritos a estos y pertenecientes a cualquiera de las instituciones firmantes del convenio de constitución del mismo. El*

centro de realización de la actividad será el citado IIS, excepto en los contratos Juan Rodés que será de aplicación lo establecido en el artículo 60.4". Segundo recolle o antecitado artigo 60.4 Condicións dos contratos "La actividad asistencial se desarrollará en los centros asistenciales recogidos en el artículo 5.1. 2º de la Orden de bases y la persona contratada deberá simultanearla con la de investigación según la propuesta presentada a la convocatoria", é o Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de Santiago de Compostela) o que poderá contratar aos candidatos seleccionados.

Que ao abeiro da antedita convocatoria para a anualidade 2023, na modalidade **Río Hortega** cuxo obxecto é a contratación de profesionais, exclusivamente nas entidades sanitarias de titularidade pública de entre as contempladas no artigo 5.1 apartado 2º da Orde de bases, con actividade clínico asistencial, que teñan superado a FSE, para o desenvolvemento dun plan de formación en investigación en ciencias e tecnoloxías da saúde que simultanearán coa actividade asistencial correspondente a súa especialidade, formalizouse a seguinte solicitude:

- **Crhistian Mario Amodeo Oblitas** solicitou, a través da FIDIS e ao abeiro de dita convocatoria, **un contrato modalidade Río Hortega**.

- Que en data 13 de decembro de 2023 dítase Resolución do Director do Instituto de Salud Carlos III, en virtude da cal concédese as axudas solicitadas, para a contratación do candidato proposto.

- Que en virtude do artigo 3.1.d) da citada convocatoria, que establece que "(...)En los contratos **Río Hortega** únicamente podrán participar las entidades sanitarias de titularidad pública contempladas en el artículo 5.1. 2º de la Orden de bases, con actividad clínico asistencial", é o Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de Santiago de Compostela) o que poderá contratar ao candidato seleccionado.

Que ao abeiro da antedita convocatoria para a anualidade 2023, na modalidade **contrato Intensificación da actividade investigadora**, cuxo obxecto é a contratación en centros de titularidade pública de persoas facultativas especialistas, diplomadas universitarias ou graduadas en Enfermaría, Odontoloxía ou en Fisioterapia, para realizar parte da actividade clínico-asistencial de profesionais que ao mesmo tempo desenvolvan actividades de investigación, formalizouse as seguintes solicitudes:

- **Manuel Barreiro De Acosta** solicitou, a través da FIDIS e ao abeiro de dita convocatoria, **un contrato modalidade Intensificación da actividade investigadora**.

- **Francisco Javier González Barcala**. solicitou, a través da FIDIS e ao abeiro de dita convocatoria, **un contrato modalidade Intensificación da actividade investigadora**.

- Que en data 13 de decembro de 2023 dítase Resolución do Director do Instituto de Salud Carlos III, en virtude da cal concédense as axudas solicitadas, para a contratación do candidato proposto.

- Que en virtude do artigo 3.1.d) da citada convocatoria, que establece: "(...) en los contratos de **Intensificación...** podrán participar únicamente las entidades sanitarias de titularidad pública contempladas en el artículo 4.1.b) apartado 2º de la Orden de bases, con actividad clínico asistencial", é o Servizo Galego de

Saúde (**Hospital Universitario de Santiago de Compostela**) o que poderá contratar ao candidato seleccionado.

Que, á vista de canto antecede, as Partes conveñen en outorgar o presente acordo con suxección ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

Constitúe o obxecto do presente convenio a colaboración entre as partes para a formalización dos **contratos Juan Rodés, Río Hortega e Intensificación** concedidos ao IDIS a través da FIDIS ao abeiro da convocatoria correspondente ao ano 2023 de concesión de subvencións da Acción Estratéxica en Saúde 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia na Resolución de data 17 de marzo de 2023.

SEGUNDA.- Compromisos das partes

Pola parte do IDIS, a través da FIDIS:

● Realizar a achega económica ao Servizo Galego de Saúde, (Hospital Universitario de Santiago de Compostela) do importe concedido, isto é, :

- Para os **dous Contratos Juan Rodés**, unha achega total de **492.200,00 euros**, aboada en dous pagamentos correspondentes a unha achega de 180.000,00 euros por contrato (total 360.000,00 euros), distribuídas entre 4 anualidades (2024-2025-2026-2027) de 45.000,00 euros por anualidade correspondentes ó importe total de cada contrato, e no ano 2026 unha segunda achega de 66.100,00 euros por contrato (total 132.200,00 euros) para a creación de dous postos de traballo permanente.

Segundo establece o apartado oitavo da Resolución da Dirección do Instituto de Salud Carlos III, O.A., M.P., pola que se conceden Contratos Juan Rodés da convocatoria 2023 da *Acción Estratégica en Salud 2021-2023*, "La totalidad de la ayuda se abonará en dos pagos a favor de las entidades beneficiarias de los contratos, un primer pago con ocasión de la presente resolución de concesión para financiar los contratos correspondientes y un segundo pago en el año 2026, en la tercera anualidad de ejecución del contrato, para la creación de los puestos de trabajo de carácter permanente contemplados en el artículo 60.5 de la resolución de convocatoria. La continuidad de cada anualidad estará condicionada a la presentación en tiempo y forma de la justificación económica anual y memorias previstas en el apartado anterior, de acuerdo con lo dispuesto en los artículos 14 y 15 de la resolución de convocatoria.

En el caso de la anualidad en la que han de presentar memoria científico – técnica, según se recoge en el apartado anterior, la continuidad de la siguiente anualidad estará condicionada, asimismo, a que la evaluación de dichas memorias científicas no sea desfavorable.

La concesión de la ayuda para la creación de puestos de trabajo de carácter permanente, en los términos de los artículos 18 y 60.5 de la resolución de convocatoria, se resolverá en la tercera anualidad de ejecución del contrato, con posterioridad a la evaluación contemplada en el artículo 63.2."

- Para o **Contrato Río Hortega** unha achega total de **65.000,00 euros**, por un período de execución de 2 anos, a partir da data de incorporación do adxudicatario ao centro receptor.

Segundo establece o apartado noveno da Resolución da Dirección do Instituto de Salud Carlos III, O.A., M.P., pola que se conceden Contratos Río Hortega da convocatoria 2023 da *Acción Estratégica en Salud 2021-2023*, " *La totalidad de la ayuda se abonará en un único pago a favor de las entidades beneficiarias de los contratos con ocasión de la presente resolución de concesión. La continuidad para la segunda anualidad de estos contratos estará condicionada a la presentación en tiempo y forma de la justificación económica anual prevista en el apartado anterior, de acuerdo con lo dispuesto en los artículo 14 y 15 de la resolución de convocatoria*".

- Para **os Contratos de Intensificación** unha achega total de **90.000,00 euros**, por un período máximo de 2 anos que se realizará durante o ano 2024 e, no seu caso, 2025, período no que deberá producirse a incorporación do persoal substituto nos centros receptores nas condicións establecidas no artigo 65.1 da resolución da convocatoria. En ningún caso serán subvencionables os gastos de contratación do persoal substituto de data posterior á 31 de decembro de 2025.

Segundo establece o apartado noveno da Resolución da Dirección do Instituto de Salud Carlos III, O.A., M.P., pola que se conceden Contratos Río Hortega da convocatoria 2023 da *Acción Estratégica en Salud 2021-2023*, " *La totalidad de la ayuda se abonará en un único pago a favor de las entidades beneficiarias de los contratos con ocasión de la presente resolución de concesión. La continuidad para la segunda anualidad de estos contratos estará condicionada a la presentación en tiempo y forma de la justificación económica anual prevista en el apartado anterior, de acuerdo con lo dispuesto en los artículo 14 y 15 de la resolución de convocatoria*".

- Envío de copia dos contratos asinados polas partes ao ISCIII e á Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS) no prazo dun mes dende a súa sinatura.
- Colaborar co Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de Santiago de Compostela) no seguimento e control da contratación, debendo realizar a xustificación económica e remitirla ao ISCIII, sempre antes do 31 de maio do 2024, 2025 e 2026 no caso dos Contratos Juan Rodés, antes do 31 de maio do 2024 no caso do Contrato Río Hortega e tres meses despois do remate do contrato en ambas dúas modalidades en nos casos en que a duración da axuda sexa por un período de 2 anos e o prazo de execución se extenda o 2025, deberá efectuarse unha xustificación económica anual durante o mes de maio de 2024 no caso do Contrato de Intensificación da actividade investigadora.
- Xestionar toda a documentación xustificativa (Gastos, Resultado Económico da Actividade, Memoria Científico-Técnica, etc) a través da aplicación de seguimento [https:// aeseg.isciii.es/](https://aeseg.isciii.es/) e da Sede electrónica do Instituto Carlos III, como centro solicitante das axudas.

Pola parte do SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (HOSPITAL UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA):

- Realizar, cos fondos achegados por IDIS, a través da FIDIS, a xestión do contrato co candidato seleccionado, que deberá estar asinado antes do 31 de marzo do 2024, tal como se recolle no apartado quinto da Resolución do 13 de decembro do 2023 da Dirección do ISCIII, O.A., M.P., pola que se conceden Contratos Juan Rodés e no apartado sexto da Resolución do 13 de decembro do 2023 da Dirección do ISCIII, O.A., M.P., pola que se conceden Contratos Río Hortega, así como o establecido no apartado quinto da Resolución do 13 de decembro do 2023 da Dirección do ISCIII, O.A., M.P., pola que se conceden Contratos de Intensificación da actividade investigadora, ámbalas convocatorias 2023 da Acción Estratégica en Saúde 2021-2023. Os fondos distribuiranse preferentemente en 14 pagas.

- Remitir copia dos contratos á FIDIS no prazo máximo de 15 días naturais tras a súa sinatura.
- Facer referencia expresa no contrato ó número de expediente, retribución, tipo de xornada, horas e demais circunstancias, dando cumprimento ás condicións indicadas na convocatoria e a súa resolución.
- Comunicar calquera incidencia que se orixine nos contratos tan pronto como se produza a mesma (Interrupción dos contratos por maternidade, adopción, incapacidade temporal, etc...).
- Non formalizar, asociados a estes contratos, servizos de garda que superen as 96 horas ao mes (24 horas ou fraccións). En todos os casos, antes do seu comezo, estas actividades complementarias deben ser comunicadas e informadas favorablemente polo ISCIII.
- Colaborar co IDIS, a través da FIDIS no seguimento e control da contratación, debendo remitir antes do 1 de maio do 2024, e no prazo máximo dun mes logo do remate do contrato a documentación relativa á mesma (copia do contrato e memoria económica xustificativa do destino dos fondos).
- Asumir as cotas empresariais á Seguridade Social e resto de gastos da contratación.

TERCEIRA.-Condicións de pago

As achegas económicas que se efectúen por parte do IDIS, a través da FIDIS, e que proveñen da convocatoria correspondente ó ano 2023 de concesión de subvencións da *Acción Estratégica en Salud 2021-2023*, destinaranse a sufragar os gastos derivados da contratación dos candidatos que estableza a resolución definitiva do órgano concedente.

En concreto, **para os contratos Juan Rodés o IDIS**, a través da FIDIS achegará ao número de conta que ten aberta o Servizo Galego de Saúde [ES75 0081-5363-29-0001087413] un total de **492.200,00 euros**, aboada en dous pagamentos correspondentes a unha achega total de 360.000,00 euros (180.000,00 euros por contrato), distribuídas entre 4 anualidades (2024-2025-2026-2027) de 45.000,00 euros por anualidade correspondentes ó importe total de cada contrato en concepto de retribución bruta salarial correspondente o investigador contratado, e no ano 2026 unha segunda achega de 66.100,00 euros (total 132.000,00 euros) para a creación de dous postos de traballo permanente. As cotas empresariais á Seguridade Social e resto de gastos de contratación correrán a cargo do Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de Santiago de Compostela).

En concreto, **para o contrato Río Hortega o IDIS**, a través da FIDIS achegará ao número de conta que ten aberta o Servizo Galego de Saúde [ES75 0081-5363-29-0001087413] un total de 65.000,00 euros, en concepto de retribución bruta salarial correspondente da persoa investigadora contratada. As cotas empresariais á Seguridade Social e resto de gastos de contratación correrán a cargo do Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de Santiago de Compostela).

En concreto, **para os contratos de Intensificación o IDIS**, a través da FIDIS achegará ao número de conta que ten aberta o Servizo Galego de Saúde [ES75 0081-5363-29-0001087413] un total de 90.000,00 euros, en concepto de retribución bruta salarial correspondente das persoas investigadoras contratadas. As cotas

empresariais á Seguridade Social e resto de gastos de contratación correrán a cargo do Servizo Galego de Saúde (Hospital Universitario de Santiago de Compostela). En ningún caso serán subvencionables os gastos de contratación de persoal substituto de data posterior ao 31 de decembro de 2025.

En caso de que, por calquera causa, o convenio se resolvese antes do prazo previsto, devolveranse ao IDIS, a través da FIDIS as cantidades percibidas e non executadas ó momento da resolución, xunto coa documentación reflectida na cláusula segunda.

CUARTA.- Duración

O presente acordo terá efectos dende a data da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase durante o tempo que dura o prazo de execución da actividade a partir da data de incorporación dos adxudicatarios. En todo caso, o contrato permanecerá vixente ata que se cumpran as obrigas previstas no mesmo.

QUINTA.- Comisión de seguimento

O seguimento das accións que o Convenio contempla, levaranse a cabo a través dunha Comisión de Seguimento que estará constituída por dous representantes designados polo Servizo Galego de Saúde e pola FIDIS, ó obxecto de avaliar o desenvolvemento das actividades derivadas do Convenio e o seu grao de cumprimento.

Por parte da FIDIS:

A Directora da Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS)

Por parte do SERVIZO GALEGO DE SAÚDE:

A Directora da área de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria da ACIS

Asemade, serán funcións da citada Comisión de Seguimento, interpretar e resolver cantas dúbidas e discrepancias puideran xurdir no cumprimento deste Convenio, así como todas aquelas cuestións que se produzan na execución do mesmo, fixando os criterios de seguimento e avaliación dos resultados.

SEXTA.- Xustificación

O Servizo Galego de Saúde responderá directamente fronte á FIDIS do cumprimento da obriga de destinar, no prazo previsto, as cantidades detalladas na cláusula terceira, para a realización das actuacións previstas no presente acordo.

Se, como consecuencia do incumprimento das obrigas do Servizo Galego de Saúde, a FIDIS se vira obrigada a devolver ó órgano concedente unha parte ou a totalidade da cantidade achegada, aquela comprométese a restituír dito importe á Fundación, cos intereses de demora que, no seu caso, puideran proceder en dereito.

SÉTIMA.- Publicidade

Deberase dar a axeitada publicidade do carácter público da actividade subvencionada, indicando, se fose o caso, a cofinanciación con fondos europeos ou doutras Administracións públicas, de acordo co establecido

nos regulamentos da Unión Europea.

En concreto, nos contratos laborais que se formalicen ao abeiro do presente acordo, deberase incluír a seguinte información:

- Deberá facerse referencia expresa o seu financiamento ou cofinanciamento polo ISCIII con cargo á actuación de que se trate, citando o código de indentificación asignado (número de expediente). Asimesmo, nos contratos Juan Rodés e Río Hortega, deberá incluírse referencia expresa o cofinanciamento dos mesmos pola Unión Europea, así como á resolución de concesión da axuda que corresponda.
- Para o correcto cumprimento coa obriga de publicidade prevista no artigo 17 da resolución da convocatoria, propónse a seguinte redacción:
 - ✓ *"El presente contrato está cofinanciado por el Instituto de Salud Carlos III, con código de expediente....., en virtud de Resolución de la Dirección del Instituto de Salud Carlos III, O.A., M.P., de 13 de diciembre de 2023, por la que se conceden los Contratos, y **"Cofinanciado por la Unión Europea"**.*
 - ✓ *Incorporación dun dos logos seguintes:*



- **Nº expdte: JR23/00018 outorgado a Néstor Vázquez Agra** na resolución de 13 de decembro de 2023, do Instituto de Salud Carlos III, A.O., M.P., pola que se conceden **Contratos Juan Rodés** da convocatoria da *Acción Estratégica en Salud 2021-2023*, do Subprograma Estatal de Incorporación, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación para o período 2021-2023 e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- **Nº expdte: JR23/00042 concedido a Antía Fernández Pombo**, na resolución de 13 de decembro de 2023, do Instituto de Salud Carlos III, A.O., M.P., pola que se conceden **Contratos Juan Rodés** da convocatoria da *Acción Estratégica en Salud 2021-2023*, do Subprograma Estatal de Incorporación, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación para o período 2021-2023 e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- **Nº expdte: CM23/00173 concedido a Crhistian Mario Amodeo Oblitas**, na resolución de 13 de decembro de 2023, do Instituto de Salud Carlos III, A.O., M.P., pola que se conceden **Contratos Río Hortega** da convocatoria da *Acción Estratégica en Salud 2021-2023*, do Subprograma Estatal de Formación, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación para o período 2021-2023 e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

- **Nº expdte: INT23/00035 concedido a Manuel Barreiro De Acosta**, na resolución de 13 de decembro de 2023, do Instituto de Salud Carlos III, A.O., M.P., pola que se conceden **Contratos de Intensificación** da convocatoria da *Acción Estratégica en Salud 2021-2023*, do Subprograma Estatal de Incorporación, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación para o período 2021-2023 e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- **Nº expdte: INT23/00045 concedido a Francisco Javier González Barcala**, na resolución de 13 de decembro de 2023, do Instituto de Salud Carlos III, A.O., M.P., pola que se conceden **Contratos de Intensificación** da convocatoria da *Acción Estratégica en Salud 2021-2023*, do Subprograma Estatal de Incorporación, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación para o período 2021-2023 e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

OITAVA.- Cuestións litixiosas e xurisdicción

O presente acordo someterase e interpretarase conforme á lexislación española. Para a solución das diverxencias que puideran xurdir na interpretación, execución ou validez do mesmo, as partes someteranse á xurisdicción e competencia dos Xulgados e Tribunais, con renuncia expresa a calquera outro foro que puidera corresponderlles.

A sinatura deste Convenio de Colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poda facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente Convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade co íntegro contido do presente Convenio, as partes o asinan, en triplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e a data sinalados no encabezamento do mesmo.

A FIDIS

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Asdo. D^a Eloína Núñez Masid.

Asdo. D. Julio García Comesaña.